

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión
de Normalización e Dinamización
Lingüística
6 de xullo de 2017**

Asistentes:**Presidencia**

Susana Rodríguez Barcia

Membros da CNDL**PDI**

Ana Bringas López

Xavier Gómez Guinovart

Nuria Yañez Bouza

Xosé Antonio Fernández

Salgado

Alumnado

Iván García Fuentes

Desculpan (PDI)

Rexina Rodríguez Vega

Non asisten

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Normalización e Dinamización Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 6 de xullo de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade

Ábrese a sesión ás 11:09h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da comisión celebrada o 3 de febreiro de 2017.**

Apróbase por asentimento.

2. Información sobre a composición da Comisión.

A Vicedecana de Calidade informa sobre a ausencia do representante de PAS, Manuel Fernández Cruz, na comisión con motivo da reestruturación xeral do persoal de administración e servizo en toda a universidade. Haberá que esperar ás próximas eleccións para volver a ter representación deste sector.

3. Balance do curso 16-17 e proposta de actividades 17-18

En primeiro lugar, a Vicedecana de Calidade comenta que a partir do curso próximo é preciso coordinar as actividades que teñan lugar na FFT. En concreto, débese informar á Secretaria da Facultade das actividades previstas co fin de optimizar a organización e evitar solapamentos.

En segundo lugar, abórdase a cuestión dos folletos publicitarios dos graos. Este ano agotáronse os folletos en galego e un docente queixouse sobre a ausencia desta lingua na publicidade dos graos. A profesora Ana Bringas sinala que isto é unha forma de invisibilizar ao galego e toda a comisión coincide en que é preciso que os folletos sempre inclúan a lingua galega. A Vicedecana de Calidade comprométese a trasladar esta petición ao Decano.

En terceiro lugar planifícanse as actividades previstas para o curso 17-18.

3.1. O profesor Xavier Gómez Guinovart intervén para manifestar o éxito da actividade de regueifas que tivo lugar durante o curso 16-17 e indica que vai ter continuidade no vindeiro curso. No primeiro cuatrimestre, posiblemente na segunda quincena de outubro ou primeira de novembro, terá lugar un obradorio de regueifa impartido pola asociación ORAL no que, tras a primeira fase de

formación inicial e exhibición, afondarase neste xénero para formar novos e novas regueifeiros e regueifeiras. O obradoiro será gratuíto para o alumnado interesado, pois conta co financiamento da Área de Normalización Lingüística. A Comisión valora positivamente esta actividade. Esta actividade continuaría no segundo cuadrimestre cunha exhibición na que xa participarían activamente os regueifeiros e as regueifeiras que se formaron nos obradoiros previos. Tamén se contaría con outras asociacións para completar a exhibición.

3.2. A segunda proposta de Ana Bringas retoma a idea de ofrecer unha charla de Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, na que se presentaría a *app*, e a web homónima, “Liña do galego”. A data proposta é un día da primeira quincena de outubro. Necesitaría reserva do Salón de Graos. Non precisa de financiamento. A Comisión tamén valora positivamente esta actividade.

3.3. Ana Bringas propón para a segunda quincena do mes de setembro a presentación do libro *Galegocalantes e galegofalantes* de Carlos Callón (Xerais, 2017).

3.4. Xavier Gómez Guinovart propón para a segunda quincena de febreiro unha presentación da Lingua de signos galega. A profesora que realizará a presentación será Cristina González Abelaira, da USC. Tamén estará acompañada dunha persoa xorda signante da Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela.

3. Rolda aberta de intervencións.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11: 37 h.

Vigo, 6 de xullo de 2017

Visto e prace da Presidenta
da Comisión (Vicedecana de
Calidade)

Susana Rodríguez Barcia



DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Normalización Calidad e Dinamización Lingüística celebrada o día 23 de febreiro 2018.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoxía e Tradución

Susana Rodríguez Barcia

